



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SEVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

##### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Por Acordo do Pleno de data 29 de novembro de 2016, se acordou a aprobación inicial do “Regulamento de organización e funcionamento do Centro de Recría da Deputación de Lugo”. Sometido o expediente ao trámite de exposición pública por prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 283 de data 12 de decembro de 2016, sen que durante o mesmo se presentasen alegacións, enténdese definitivo o acordo ata entón provisional de aprobación do referido regulamento, nos seguintes termos:

#### **REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

##### **ART.1.- OBXECTO**

O presente regulamento ten por obxecto ordenar a organización e desenvolvemento da iniciativa económica para a explotación e funcionamento do “Centro de Recría da Deputación Provincial de Lugo”, mediante a fixación do estatuto de dereitos e deberes das persoas que interveñan nas distintas actividades e funcións a realizar.

O fin perseguido con este regulamento é protexer as instalacións do centro de recría e regular as relacións entre os usuarios a entidade concesionaria e o poder de dirección do ente Provincial; completándose así o marco regulatorio do contrato de concesión deste servizo xunto co proxecto de explotación, os pregos de cláusulas económico administrativas particulares e os de prescricións técnicas.

##### **ART 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Este regulamento aplicarase á organización e funcionamento do Centro de Recría da Deputación de Lugo, como iniciativa económica provincial que se prestará, ó abeiro do artigo 86 da Lei 7/85, do 2 de abril, aproveitando as instalacións dunha edificación e base territorial de propiedade provincial, adscritos ao bon fin da actividade e explotación a desenvolver, segundo o definido nos documentos reitores da relación contractual, entre Deputación e entidade xestora, conforme ao establecido na lexislación de contratos do sector público e restante normativa de aplicación.

##### **ART. 3.- FORMA DE XESTIÓN.**

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria, celebrada o día 28 de xuño de 2016, determinou que a forma de xestión da devandita actividade, sexa indirecta na modalidade de contrato administrativo de concesión de servizos, consonte á Directiva 2014/23/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro, relativa á adxudicación de contratos de concesión e ao previsto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP, en canto resulte compatible, na modalidade do contrato típico de xestión de servizos públicos (Artigo 8 e concordantes do TRLCSP).

Definición de Centro de recría: Instalación con protocolos sanitarios moi esixentes, especializado en recepcionar xovenças procedentes doutras explotacións, cunha idade entre quince e vinte e cinco días e que unha vez preñadas se reintegran as explotacións de procedencia, con unha idade máxima de 24 meses de idade.

Definición de novillas: gando vacún, que entra no centro de recría cunha idade entre 15 e 25 días e se devolve a explotación de procedencia, con 24 meses de idade e unha vez preñadas, agás imposibilidade biolóxica ou outras circunstancias físicas que determinen a devolución á granxa de orixe por inviabilidade do animal para a reprodución.

##### **ART.4. FUNCIONES E DESTINATARIOS**

###### **4.1.- FUNCIONES**

Recriar novillas de alta calidade para ser devoltas, en estado de xestación, a súa explotación de orixe.

Cumprir protocolos sanitarios e recriar as xovencas con altos estándares de calidade para unha produción eficiente e sostible que habilite unha maior competitividade das explotacións gandeiras que se vaian adherindo ao sistema, conforme ao ordenado e pautado neste Regulamento.

#### 4.2.- DESTINATARIOS:

As persoas físicas que sexan gandeiros (agricultores) profesionais e teñan tal condición de acordo coa normativa específica (Lei 19/1995, d 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e normativa de desenvolvemento), atopándose inscritos no rexistro de explotacións agrarias de Galicia (REA) e dispoñan dun código "cea" da explotación agraria.

Tamén son destinatarios as persoas xurídicas de carácter asociativo previsto no ordenamento xurídico, especialmente na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e normativa de desenvolvemento cuxos obxecto social ou fins sexan a actividade gandeira e que, igualmente, estarán inscritas no REA de Galicia, con código CEA da explotación.

Terán preferencia os gandeiros profesionais e entidades asociativas con explotación aberta e operativa no territorio da Provincia de Lugo.

No caso de que a capacidade do Centro de Recría non esté cuberta con explotacións abertas e operativas na Provincia de Lugo, poderán acceder a ela outros gandeiros, (persoas físicas ou xurídicas) que cumpran as condicións de profesionalización rexistro e actividade, relacionadas no apartado precedente.

### **ART.5 OBXECTIVOS DO CENTRO DE RECRÍA**

#### OBXECTIVO XERAL

Inténtase acadar, entre outros obxectivos, ofrecer ao sector gandeiro de vacún de leite unha ferramenta que permita o seu dimensionamento de xeito sostible, debido ao incremento da súa competitividade, derivado do aproveitamento de toda a súa capacidade territorial.

#### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Maior profesionalización das infraestruturas adicadas exclusivamente á recría, o que redunda nun importante aforro de custes.
- Maior especialización e adicación do persoal adicado á recría.
- Liberación de traballo e espazo nas explotacións gandeiras leiteiras, o que permite incrementar o número de vacas produtivas por explotación, incrementando así a produtividade das explotacións.
- Mellora da sanidade, crecemento e potencial produtivo, idades menores ao primeiro parto e inferior porcentaxe de baixas antes do mesmo, o que redunda nun aumento do número de novillas listas para producir nas explotacións.
- Mellora da xenética das novillas recriadas, o que repercute na mellora da calidade do leite producido e dos produtos lácteos derivados do mesmo.
- Aforro de custes derivados da economía de escala

### **ART.6.- PROCEDEMENTO PARA A ADMISIÓN NO CENTRO DE RECRÍA E CRITERIOS DE SELECCIÓN.**

**6.1** - A entidade encargada da xestión do centro de recría deberá habilitar unha unidade administrativa, que se encargue da selección dos usuarios e xestión da entrada e saída no centro.

**6.2.-** As solicitudes de admisión no Centro de Recría deberán remitirse por correo electrónico, fáu, ou presencialmente á unidade administrativa do Centro.

**6.3.-** A entidade concesionaria deberá establecer un sistema telemático que permita cursar as solicitudes e as respostas de forma electrónica.

a) Nas solicitudes faránse constar, como mínimo, os seguintes datos:

- Nome e DNI do titular da explotación solicitante.
- No caso de persoas xurídicas ,entidades de base asociativa ou comunitaria (CIF) e identificación do representante, precisando as súas características xurídicas: Cooperativa, SAT, sociedade civil, comunidades de bens ou outras formas de organización da explotación gandeira, conforme ao ordenamento xurídico.
- Número de reses da explotación.
- Enderezo da explotación.
- Inscripción no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia ( REA) previsto no Decreto 200/2011 de e código CEA da mesma.

b) As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Identificación da novilla ou xuvenca co seu crotal.

- Calificación sanitaria do animal e da explotación.
- REA e CEA da explotación
- Identificación da nai da novilla, que deberá estar presente na folla de calificación sanitaria (folla verde), para asegurar que á nai cumpre as medidas sanitarias establecidas.
- Declaración veterinaria de que a explotación cumpre un manual de boas prácticas no manexo do parto, toma de calostro e administración de lacto reemplazante, que deberá ser o mesmo que se utilice no centro de recría. Na declaración veterinaria deberá constar o nome do veterinario, número de colexiado, data e sinatura.

6.4.- A selección dos usuarios será realizada por personal debidamente identificado da empresa concesionaria, coñecido polos usuarios e pola administración.

A empresa adxudicataria publicará, respetando a lexislación de protección de datos de carácter personal e o carácter confidencial da información, de forma extractada a procedencia e cuantificación das novillas admitidas.

A empresa adxudicataria debe elevar informe mensual a persoa ou persoas que teñan a condicións de responsable ou responsables do contrato designado pola Deputación Provincial.

A entidade provincial resérvase o poder de dirección e supervisión sobre a concesionaria, tamén no que alude a selección e autorización de entrada de novillas no centro de recría de granxa Gaioso Castro.

6.5.- A concesionaria deberá respetar a lexislación de protección de datos en relación coas persoas que usen os servizos ou actividades prestados polo centro de recría.

6.6.- A empresa concesionaria deberá respetar, en todo caso, este regulamento no procedemento de admisión, os protocolos sanitarios e as determinacións dos pregos de condicións, tanto económico administrativas como de prescricións técnicas, así como o proxecto de explotación.

#### **ART 7.- CRITERIOS PARA A ADMISIÓN E SELECCIÓN DE XUVENCAS NO CENTRO DE RECRÍA, POR ORDE DE PREFERENCIA.**

- A) Número de xovencas con compromiso de incorporación ao centro de recría nun ítem temporal determinado de **ata seis meses, por parte da respectiva persoa titular da explotación agraria (gandeiría).**
- B) **Condición de muller da titular da explotación agraria (gandeiría) prioritaria** de conformidade coa Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e normativa de desenvolvemento.
- C) Condición de gandeiro xove, persoa física, que non teña cumpridos os 40 anos <sup>1</sup> e sexa titular dunha explotación agraria prioritaria de conformidade coa Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e normativa de desenvolvemento.  
No caso de persoas xurídicas o gandeiro xove debe ser a persoa que exerza o control efectivo da persoa xurídica, entendendo que exerce o control efectivo sobre a persoa xurídica cando as súas accións, participación ou aportacións supoñan polo menos un importe, igual ou superior, que o do socio con maior participación e forme parte da súa xunta reitora ou órgano de goberno.
- D) Condición xurídica de sociedade agraria de transformación da entidade que aporte as reses, cualificada como explotación prioritaria de conformidade coa Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e normativa de desenvolvemento.
- E) Integración do gandeiro nunha sociedade cooperativa de natureza agraria.
- F) Outras formas de asociación previstas na Lei 19/1995, do 4 de xullo de modernización de explotacións agrarias.

#### **ART.8 FINANCIAMENTO DO CENTRO DE RECRÍA**

Este Centro financiarase coas tarifas ou prezos aboadas polos usuarios nos termos do estudo económico contido no proxecto de explotación e que se aproben polo ente provincial, xunto co acordo de adxudicación da concesión..

A contía a satisfacer será o resultado da adxudicación da concesión conforme a documentación reitora da licitacións e serán publicados para xeral coñecemento no BOP e a través dos medios de transparencia de que dispón a entidade provincial.

As tarifas actualizaránse cada dous anos.

A fórmula de revisión aplicable para as tarifas será a definida no prego de cláusulas administrativas particulares e no propio contrato da concesión, como resultado da adxudicación.

---

<sup>1</sup> Segundo a Lei 19/1995, de 4 de xullo: Agricultor novo é a persoa que cumpriše os dezoito anos e non cumpriše corenta anos e exerza ou pretenda exercer a actividade agraria.

A maiores, a revisión de tarifas que deberán aboar os usuarios poderá ter lugar, previa autorización da entidade provincial, por calquera dos motivos seguintes:

a) Por incremento ou diminución dos gastos de explotación. Os custes de explotación poden variar si se alteran os elementos que os integran e si experimentan aumentos ou diminución de diferentes partidas que compoñen os mencionados gastos.

b) Por incremento das obrigas financeiras, como consecuencia de novas inversión ou ampliación de infraestructuras e equipamentos por enriba das previstas nos documentos reitores da licitación e adjudicación debidamente autorizados pola Deputación Provincial.

En todo caso a modificación das tarifas ou prezos a alza ou a baixa (prezo a pagar polos usuarios do centro de recría) debe ir precedida dos documentos e estudos técnico-económicos que as xustificuen.

O concesionario asumirá o risco de impagos das tarifas por parte dos usuarios e o risco operacional nos termos da Directiva 2014/23 UE.

Estas tarifas ou prezos serán pagados polos usuarios do centro a concesionaria, previa emisión de factura regulamentaria, coa periodicidade que se estableza no contrato a asinar entre a concesionaria e o gandeiro usuario para concretar as condicións das prestacións recíprocas durante a estancia das xuvenzas no centro de recría. O gandeiro terá dereito a que esa facturación do prezo a pagar se emita mensualmente e que o pago se efectúe nos sete primeiros días do mes seguinte ao da facturación (mes vencido). O pago respetará o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude en canto as limitacións de pagos en efectivo.

#### **ART.9 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO**

9.1.- No marco deste Regulamento, dos pregos de prescricións económico administrativas e técnicas, así como do proxecto de explotación, o concesionario organizará o Centro de Recría.

9.2.- A Deputación Provincial de Lugo velará polo bo funcionamento deste servizo, exercendo facultades de inspección e tutela sobre o concesionario a sobre os dereitos e deberes dos usuarios, de acordo co sistema de competencias establecido na lexislación básica de réxime local

9.3.- A modalidade de xestión prevista ao abeiro do artigo 85 da LBRL é a xestión indirecta mediante a concesión de xestión de servizo público. A concesión rexeráse polo establecido na Directiva Europea 2014/23/UE e polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP e restante normativa de desenvolvemento.

9.4.- Cando as circunstancias o demanden, o Pleno da deputación ou órgano provincial que resulte competente, poderán adoptar, de oficio ou a solicitude do concesionario ou da metade máis un dos usuarios que representen, en todo caso, a metade máis un do número de tenreiras existentes na data da solicitude, as medidas organizativas e de prestación da actividade que estime necesarias e proporcionadas para a boa execución da mesma, minimizando as perturbacións aos usuarios, coa finalidade de garantir o bon fin da actividade. En todo caso no procedemento que a tal efecto se tramite será oído o concesionario.

9.5.- A actividade ordinaria do Servizo do Centro de Recría terá como responsables administrativos dentro da Excm. Deputación Provincial de Lugo a persoa que se encargue das dirección operativa do conxunto funcional coñecido como da Granxa Gayoso Castro, baixo a dirección do Deputado Delegado da área ou quen na organización política da entidade provincial realice tales tarefas.

9.6.- O persoal que debe proveerse, como mínimo, polo concesionario para a adecuada prestación da actividade do centro de recría defínese nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, garantindo a identificación dunha persoa, responsable da concesionaria, que se relacione coa administración concedente e cos usuarios.

O personal adscrito ao servizo pola concesionaria non terá relación laboral coa Deputación provincial, asumindo o concesionario todas e cada unha das obrigas salariais, sociais e tributarias.

Debe existir un reponsable designado pola concesionaria que actúe como ineterlocutor nas relacións coa Deputación provincial. Tal designación deberá de constar formalizada por escrito e comunicada fehacientemente a Deputación provincial

#### **ART.10 ESTATUTO XURÍDICO DOS USUARIOS DO SERVIZO: DEREITOS E DEBERES**

10.1.- O usuario do Centro tera os seguintes dereitos:

a) Acceder ao devandito Centro e recibir asesoramento sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

b) Á consideración no trato, debida a dignidade de persoa, tanto por parte do persoal do Centro como dos demais usuarios.

c) A deixar de utilizar os servizos en calquera momento, por vontade propia pero sen causar perxuízos e terceiros e dando satisfacción as obrigas resultantes..

d) A que non se realice nas súas novillas investigación nin experimentos sin unha información sobre os métodos, medios e fins, e a previa autorización.

e) A asociarse con obxectivo de favorecer a súa participación nas actividades do centro.

f) A cumprimentar, como mínimo, unha vez por ano, unha enquisa de satisfacción, que medida calidade e eficacia da actividade desenvolta pola concesionaria.

g) A utilizar as vías de reclamacións e suxerencias, para solicitar información sobre as normas de funcionamento e os medios de comunicación (queixas, suxerencias, reclamacións e preguntas)

h) A seren indemnizados polos danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, por parte da entidade concesionaria prestadora do mesmo, agás que o dano se producira como consecuencia dunha cláusula imposta pola Administración (entidade concedente) con carácter ineludible

10.2.- O usuario do centro terá os seguintes deberes:

a) Cumprir as normas sobre a utilización do Centro

b) Tratar con máximo respecto ao persoal do Centro e outros usuarios/as e non estropear as instalacións

c) Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a favorecer o entendemento entre o persoal do Centro e os usuarios.

d) Someterser e respetar os protocolos sanitarios impostos para a entreda e estancia no centro.

e) Pagar os importes facturadas pola estancia de reses da súa titularidade no centro de recría, nos prazos e polos procedementos estipulados no contrato asinado antes ou ao tempo da entrega dos animais.

f) Nos conflitos que poda xurdir entre a entidade concesionaria e a persoa destinataria dos servizos e funcións específicas do centro de recría, existirá unha intervención decisoria da administración concedente por vía de acción ou recurso.

#### **ART.11 PERDA DA CONDICIÓ DE USUARIO DO CENTRO DE RECRÍA**

11.1.- A condición de usuario do Centro de Recría perderáse polas seguintes causas:

a) Por devolución da novilla preñada para continuar o ciclo productivo a explotación de orixe; esta devolución producirase como moi tarde antes de cumprir os 25 meses de idade.

b) Por da res ou reses (novillas) entregadas.

c) Por renuncia voluntaria do usuario

d) Reiterado incumprimento das normas de utilización do Centro, segundo o réxime de infraccións e sancións previsto neste propio regulamento e compatible coas sancións a imponer; a estes efectos enténdese por reiterado incumprimento voluntario a comisión de dúas infraccións graves nun periodo inferior ou igual a seis meses ou de dúas faltas moi graves nun periodo inferior ou igual a dezaioito meses.

e) Por incumprimento reiterado no pagamento das cotas establecidas. A estes efectos enténdese por reiterado incumprimento da obriga de pago o impago da tarifa aprobada durante dúas mensualidades consecutivas ou tres mensualidades vencidas durante o período de nove meses e deixando a salvo casos de fraccionamento e aprazamento da débeda.

f) Por ter cumprido os 18 meses de idade e antes dos 19, a res no centro de recría sen acadar a condición biolóxica de preñez ou ben por sufrir algunha enfermidade ou lesión debidamente informada, por facultativo veterinario que convirtan a res en inviable para unha función reproductora. Nestes casos o centro de recría debe advertir previamente a gandeiría titular da res.

11-2.- Para aplicar as causas de perda da condición de usuario mencionadas nas letras c, d, e, f, precedentes, será preciso tramitar un expediente con audiencia do usuario e autorización previa da administración concedente.

11.3.- A perda da condición de usuario pode declararse con independencia dos procedementos sancionadores polas infracción previstas neste Regulamento.

#### **ART.12. sobre o respecto as medidas e protocolos de seguridade samitaria.**

Todas cantas persoas e entidades interveñan na organización e funcionamento do centro de recría, incluídos os usuarios do centro coa estancia de cuxas da súa titularidade, deberán cumprir co conxunto de medidas de bioseguridade, programas sanitarios resultantes da adxudicación ou que resulten de aplicación ao longo de explotación e funcionamento da actividade.

No prego de prescricións técnicas establécense as medidas básicas e mínimas a respectar, fixadas para o presente e suxeitas a modificacións futuras, como consecuencia das melloras presentadas polo licitador adxudicatario, ou derivadas da evolución tecnolóxica e científica do ramo.

**ART. 13 RÉXIME SANCIONADOR.**

**13.1.- Este artigo ten por obxecto a fixación das condutas que se tipifican como infraccións, coa súa respectiva cualificación, a determinación da autoría e responsabilidade e as garantías básicas do procedemento.**

**13.2.- O presente réxime sancionador só rexera se falta normativa común, especial ou sectorial de aplicación ou se esta última resultase insuficiente.**

**13.3.-** A imposición de sancións será competencia do señor Presidente da Deputación provincial, dando conta ao Pleno con unha periodicidade semestral, dos expedientes que se tramiten. O procedemento sancionador tramitarase conforme ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normativa que a desenvolva.

**ART. 14. DAS INFRACCIÓNS**

**13.1.-** Serán responsables as persoas que realicen os feitos ou non cumpran os deberes que constitúan infracción.

**13.2** As condutas infractoras cualifícanse como faltas leves, graves e moi graves.

Son faltas leves: o incumprimento das obrigas e prohibicións establecidas neste Regulamento e que non se cualifiquen como graves ou moi graves e, en xeral, a falta de respecto manifestada en incorrección do trato, actitudes ou palabras desconsideradas ou inconvenientes para o persoal do centro, os propios usuarios do centro ou as persoas encargadas da vixilancia e tutela administrativa.

Son faltas graves:

-Entorpecer intencionada e habitualmente, as actividades do Centro de Recría.

-Dificultar as tarefas do persoal do Centro de Recría no control e manexo das reses.

-Facilitar información inexacta respecto das novillas que se incorporan ao centro.

-Facilitar información inexacta respecto das condicións da explotación ou do titular da explotación a fin de acceder ao Centro de Recría como usuario do mesmo.

-A demora injustificada e reiterada no pagamento das tarifas, sen prexuízo dos sistemas de cobro que resulten de aplicación.

-A reiteración de tres ou máis faltas leves, nun período de dous anos.

Faltas moi graves:

-Calquera das condutas descritas como graves se causan dano grave e relevante as instalacións (continente e contido) e as reses (xuvencas) que se atopen no Centro de Recría.

-Introducir conscientemente novillas no Centro de Recría con patologías que poñan en risco a salubridade do centro e/ou protocolos sanitarios.

-A reiteración de tres infraccións graves nun período de un ano.

**ART- 15.- DAS SANCIÓNS.**

a) As infraccións leves serán sancionadas apercibimento.

b) As infraccións graves serán sancionadas con multa entre 90 e 150€.

c) As infraccións moi graves serán sancionadas con unha multa de entre 150,01 ata 300€

**ART. 15.- SOBRE A GRADUACIÓN DAS INFRACCIÓNS.**

Ao determinar as multas correspondentes, a Deputación garantizará a adecuación debida entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada. Consideraranse especialmente os seguintes criterios:

a) Existencia de intencionalidade ou reiteración, así como o grao de participación nos feitos do infractor e o beneficio obtido por este motivo da infracción administrativa.

b) A natureza dos prexuízos causados, atendendo a gravidade do dano derivado da infracción, a alteración causada e ao grao de afectación que a devandita infracción tivera na saúde e seguridade das persoas.

c) A reincidencia, por comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, si foi declarada por firme resolución na vía administrativa.

Se a comisión dunha das infraccións administrativas previstas neste Regulamento derivase necesariamente á comisión doutra ou outras, imponse unicamente a sanción máis elevada de todas as que sexan susceptibles de aplicación, independentemente, no seu caso, da estimación de caudal consumido que poida efectuarse.

**Art. 16.- PREFERENCIA E COMPATIBILIDADE XURISDICCIONAL**

Se durante a tramitación do procedemento sancionador apréciase a posible cualificación dos feitos como constitutivos de delito ou falta de estafa, apropiación indebida ou fraude na subministración, segundo a

regulación contida no Código penal, procederá de acordo coa lexislación vixente, a poñelo en coñecemento do Ministerio Fiscal.

As sancións previstas neste Regulamento impoñense con independencia da responsabilidade civil ou penal que poida ser exercida ante os Tribunais competentes.

#### ART. 17.- OBRIGAS ACCESORIAS

A imposición das sancións é independente da obrigación esixible en calquera momento ao responsable da infracción da reposición da situación alterada no seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados nas instalacións ou bens municipais que resultasen afectados.

As infraccións reiteradas ás normas de utilización e funcionamento do centro conlevará como medida accesoria a perda da condición de usuario do centro.

#### ART. 18.- MEDIDAS CAUTELARES.

A Deputación poderá adoptar as medidas de carácter provisional que aseguren a eficacia da resolución final que poida recaer. Na adopción destas medidas débense ter presentes as seguintes pautas:

a) A existencia de elementos de xuízo suficientes que xustifiquen a conveniencia de adoptar medidas provisionais.

b) a idoneidade e proporcionalidade das medidas adoptadas en referencia aos feitos e circunstancias determinadas no expediente sancionador.

c) Que a omisión de medidas provisionais poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, especialmente no relacionado cos protocolos sanitarios do centro

Estas medidas cautelares, sempre previa audiencia do afectado, poden conlevar a suspensión da actividade de cría ao gandeiro afectado, con devolución da rese a explotación de procedencia, a fin de paliar ou diminuír os efectos da infracción.

ART. 19.- De conformidade co establecido no artigo 184.2 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, contra as decisións da concesionario finalizadoras de algún procedemento ou tramitación, poderá reclamarse diante da Administración concedente no prazo de un mes desde que se notifiquen aos destinatarios.

Organo competente para resolver será o señor Presidente da Deputación Provincial.

#### ART 20. INTERPRETACIÓN

Correspóndelle á Excm. Deputación Provincial de Lugo, por medio da súa Xunta de Goberno, as facultades de aplicar e interpretar as disposicións contidas neste regulamento, agás o exercicio da potestade sancionadora, sen perxuízo das facultades que en todo caso corresponden aos tribunais.

Para o non previsto neste regulamento estarase ao disposto na lexislación vixente.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

As gandeirías usuarias do centro de cría e a concesionaria, asinarán un contrato para a estancia da res ou reses no centro que concrete as prestacións entre as partes.

Cada contrato particular axustarase a un contrato tipo que será aprobado, ao mesmo tempo que se acorde a axudicación do contrato concesional e será adaptado ou actualizado durante a execución da concesión pola Presidencia da Deputación ou órgano no que delegue.

Son elementos mínimos do contrato tipo os seguintes:

1.- O lugar e data.

2.- As partes que interveñen e as condicións na que o fan.

3.- A identificación da res ou reses que se entregan.

4.- As prestacións e obrigas que asume cada unha das partes.

5.- O sistema de facturación e pago de conformidade con este Regulamento e as tarifas aprobadas pola Deputación Provincial

6.- O sistema de comunicación entre as partes.

7.- Xuntarse ao contrato que se asine con cada gandeiro, información detallada dos Protocolos Sanitarios e do Regulamento de Servizos, e dos lugares onde consultalos.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.-

As referencias normativas efectuadas neste regulamento, entenderanse referidas as disposicións normativas que as substitúan ou modifiquen no futura ocupándose de regular esa mesma materia.

## DISPOSICIÓN FINAL

O Presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado íntegramente no BOP e cumprido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, permanecendo vixente namentras non se proceda a súa modificación ou derogación expresa.

## RECURSOS

Contra esta disposición regulamentaria as persoas lexitimadas poderán interponer, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte a súa publicación no BOP, recurso contencioso administrativo, diante do Tribunal superior de xustiza de Galicia, con sede na Coruña, consonte ao previsto no artigo no artigo 10 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Lugo, 31 de xaneiro de 2017. O PRESIDENTE. P.D. Decreto nº 1357/2016, de 01-07-2016. O VICEPRESIDENTE,Asdo.: Álvaro Santos Ramos

R. 0335

## CONCELLOS

### CASTROVERDE

#### *Anuncio*

**BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (5 OPERARIOS DE SERVICIOS DIVERSOS) QUE SE CONTRATEN POLO CONCELLO DE CASTROVERDE AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO " PROGRAMA DEPUEMPREGO".**

#### 1.-OBXECTO

**1.1. Obxecto:** Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de CINCO (5 ) **OPERARIOS DE SERVICIOS DIVERSOS para seren contratados como persoal laboral temporal, a xornada completa**, ao abeiro do Programa Depuemprego de conformidade co convenio asinado entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde con data 23 de setembro de 2016 para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do Programa DEPUEMPREGO co obxecto da axuda e colaboración co obxectivo común de dar cumprimento ás competencias mínimas obrigatorias ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo.

Esta colaboración materializarase a través da achega económica por parte da Deputación Provincial de Lugo do 100% dos custes salariais e da Seguridade Social dos traballadores contratados.

O Concello de Castroverde ten un territorio moi extenso, 172 km<sup>2</sup>, con numerosas vías de comunicación que requiren un mantemento constante e, por outra banda, forma parte do Camiño Primitivo de Santiago, cun número importante de rutas e áreas recreativas necesitadas de constante atención en canto a súa conservación e mantemento

Visto que a Lei 48/2015, de 21 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, dispón no seu artigo 21 dous. que durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Tendo en conta as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que se encadran en servizos públicos esenciais para acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, roteiros e obras de reparación en xeral, servizos todos eles prestados directamente por este Concello e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade sen esquecer que o propio fomento do emprego e desenvolvemento local é por si só un servizo público esencial que de xeito urxente e inaprazable debe ser abordado habida conta da porcentaxe de desempregados que vai en aumento neste Concello.

Os contratos de traballo concertaranse cunha duración determinada con data límite de finalización, o 31 de outubro de 2017.

**1.2. Normas de aplicación:** As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo



que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

**1.3. O sistema de selección** dos aspirantes será o de concurso-oposición

**1.4.** A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde, así como na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo e nun diario de maior tirada na provincia.

## **2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO**

2.1 O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro

## **3.-FUNCIONES**

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultados do proceso de selección estarán integrado polas funcións propias de Operario de servizos diversos, para actuacións referidas ao mantemento, conservación e mellora de servizos públicos de competencia municipal, realizando traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como:

- Acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais.
- Limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, roteiros.
- Obras de reparación en xeral.

## **4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes :

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Non se exige estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo./

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

## **5. SOLICITUDES**

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirse ao Sr. Alcalde do

Concello de Castroverde, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As Bases publicaranse, así mesmo, no taboleiro de anuncios do Concello, e na súa páxina web.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- b) Declaración responsable, asinado pola ou polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- c) Certificación, de ser o caso, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.
- d) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- e) De ser o caso, as persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero:

A efectos destas bases, enténdese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
  2. Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
  3. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.
  4. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
  5. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
- f) Relación, segundo a orde que se establece na base 8ª, dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base 8ª.

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Infórmase que a sede electrónica do Concello de Castroverde é <https://concellocastroverde.sedelectronica.es>

## 6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poderán derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

## **7. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN**

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e pracedo Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

## **8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

Consistirá en dúas fases:

### **1) PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período de 30 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala.

O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

2) CONCURSO: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a proba da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en sete (7) puntos para os postos que se convocan e serán o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

a) Experiencia profesional. Máximo tres (3) puntos.

- 0,25 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a en postos iguais ou similares ao servizo dunha Administración local.
- 0,15 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a en postos iguais ou similares de calquera outra Administración territorial ou institucional. A mesma porcentaxe utilizarase cando a prestación de servizos se realízase en sociedades públicas ou fundacións de capital maioritariamente público, xa dependan da Administración central, xa da autonómica ou local. Aplicaranse, polo demais, as equiparacións previstas no parágrafo primeiro.
- 0,12 puntos por cada mes traballado en postos iguais ou similares na empresa privada.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa. No caso de que a redución de xornada se produza debido os supostos de conciliación de vida familiar e laboral recollidos na Lei de Función Pública de Galicia e no Estatuto dos traballadores o tempo traballado a tempo parcial computarse como se fose a xornada completa, a documentación xustificativa desta circunstancia deberá presentarse no momento de presentar a instancia.

Os citados servizos, tanto na Administración pública como a favor de entidades privadas, referiranse en todo caso ás funcións desempeñadas nun posto de traballo de categoría e funcións iguais ou similares ás das prazas convocadas.

A puntuación máxima por experiencia profesional non poderá superar os tres puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais. Asemade non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e a puntuación reducirase proporcionalmente nos prestados a tempo parcial, tomando como referencia corenta horas á semana.

Forma de acreditar os méritos alegados:

- Os servizos prestados nas Administracións Públicas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, ou fotocopia compulsada da mesma, que acredite a relación laboral e ou funcional do/a aspirante.
- Os servizos prestados en empresas privadas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e os documentos orixinais ou copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do/a aspirante.

En todo caso dos citados documentos deberá desprenderse as funcións e tarefas realizadas

De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos. -

b) Colectivos con dificultades de integración laboral. Máximo dous con cinco ( 2,50) puntos.

De acordo co establecido no convenio asinado coa Deputación, primarase favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como:

1. mulleres: 0,50 puntos
2. maiores de 45 anos: 0 ,50 puntos.
3. parados de longa duración: 0,50 puntos. Considerarase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.
4. persoas con discapacidade:0,50 puntos
5. persoas vítimas de violencia de xénero: 0,50 puntos

Forma de acreditar estas situacións: segundo o establecido no punto 5 destas bases..

Haberase de estar en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

## **9. DESENVOLVEMENTO DA PROBA ;**

O primeiro exercicio realizarase no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, ao comezo do primeiro exercicio, no taboleiro de anuncios o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no lugar onde se realizou o exercicio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non comparecesen.

Os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

#### **10. RELACIÓN DE APROBADOS.**

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro apartado, segundo e terceiro, sucesivamente..Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración do plan "Depuemprego".

#### **11. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de seis (6) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias,acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederase a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

#### **12.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO.**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada, sendo en todo caso o data de remate o 30 de outubro de 2017 e a xornada completa.

#### **13. IMPUGNACIÓN.**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados e interesadas nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

O Alcalde, Xosé Mª Arias Fernández

#### **ANEXO I.-TEMARIO**

##### **Tema 1**

Concello de Castroverde. Encadre territorial e poboación.

##### **Tema 2**

Uso e mantemento de desbrozadoras.

##### **Tema 3**

Sinalización vial en traballos de roza de cunetas.

**ANEXO II -MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE CINCO (5) POSTOS DE TRABAJO DE OPERARIO DE SERVICIOS DIVERSOS DO CONCELLO DE CASTROVERDE, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

D/a.....provisto/a  
 de D.N.I. nº..... con enderezo na R/.....  
 nº.....piso.....C.Postal.....Localidade.....  
 Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Castroverde para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de 4 operarios de servizos diversos.

**DECLARO:**

**PRIMEIRO.-** Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

**SEGUNDO.-** Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

**TERCEIRO.-** Que autorizo ó Concello do Castroverde para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**CUARTO.-** Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:  
 (TACHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Permiso de condución en vigor tipo B.
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base 8ª:

....., ..... de.....de 2016

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE**

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE CASTROVERDE para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE CASTROVERDE na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Prazo do Concello nº 2, 27120 CASTROVERDE-LUGO.

## PORTOMARÍN

### Anuncio

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA:**

Aprobados por Resolución da Alcaldía, o padrón de:

- Taxa Padrón LIXO RURAL XULLO - DECEMBRO/2016.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA:**

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 02/02/2017 ata o 03/04/2017.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Portomarín, 26 de xaneiro de 2017.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López

### Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de 30/01/2017 aprobouse a rectificación dun erro no prego de condicións técnicas que han de regular a contratación, do contrato de suministro de equipos INFORMÁTICOS polo sistema de arrendamento con OPCIÓN de compra aprobado en data 12/01/2017 o cal se transcribe a continuación:

“Visto o erro existente no punto 6 do prego aprobado con data 12.01.2017, onde se decía que a impresora laser multifunción de cor A3 debería ter unha velocidade de escaneado de 200 ppp ou superior debería decir o que se expón no cadro de características seguinte:

3. Impresora láser multifunción cor A3.	
Concepto	Descrición
Método de impresión	Por haz láser en cor
Velocidade de impresión A4 (BN / cor)	40 / 35 ppm ou superior
Velocidade de impresión A3 (BN / cor)	20 / 17,5 ppm ou superior
Resolución de impresión (BN / cor)	1200*1200 ppp / 600*600 ppp ou superior
Impresión a dobre cara	Automática (estándar)
Método de escaneado	Push Scan Escáneo desde o computador (Pull Scan). Escaneado a dispositivo de memoria USB.
Velocidade de escaneado A4 (300 ppp) sen duplex	51 imp ou superior (unha cara BN e cor) 19 imp ou superior (duas caras BN e cor)
Velocidade de impresión A3 (BN / cor)	100 ppp ou superior
Resolución de escaneado	600 ppp ou superior

Escaneado a dobre cara	Automática (2 caras a 2 caras)
Capacidade de entrada de papel máxima	5.000 follas (80 g/m <sup>2</sup> )
Gramaxes de papel compatibles	Casete: 52 a 220 g/m <sup>2</sup> Bandexa multi: 52 a 256 g/m <sup>2</sup> Dobre cara: 52 a 220 g/m <sup>2</sup> ou superior

Polo tanto o cadro de características núm (3. Impresora láser multifunción cor A3.) do punto (6.- Tipoloxía do equipamento informático.) substitúese polo anteriormente descrito, sen que esto supoña ningunha outra modificación.”

Publicar esta rectificación nos medios de publicación usados no procedemento e aumentar o prazo CINCO DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Portomarín, 30 de xaneiro de 2017.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López

R. 0320

## MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AUGAS

#### *Anuncio*

Expediente: A/27/20816

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 28 de diciembre de 2016 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a María Soledad Valcarcel González, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua del arroyo Val de San Miguel y de un manantial, en Riamonte - Vilarello, T.M. de Cervantes (Lugo) con destino a riego de la parcela 285 del polígono 108.

Oviedo, 28 de diciembre de 2016.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez Méndez-Castrillón

R. 0166

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. COMISARÍA DE AUGAS

#### *Anuncio*

Expediente: A/27/17066

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 07 de noviembre de 2016 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de Paradela, la oportuna modificación de características de la concesión de un aprovechamiento de 1,42 l/s de agua (3,4 l/s en 10 horas) a derivar del río Loio, en A Gándara, parroquia de As Cortes (San Salvador), T.M. de Paradela (Lugo) para abastecimiento de Loio (San Xoán) y As Cortes (San Salvador), modificando el caudal y ampliación del abastecimiento de Loio (San Xoán).

Lugo, 20 de enero de 2017.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 0295

#### *Anuncio*

Expediente: A/27/23294

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 27 de octubre de 2016 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de Monforte de Lemos, la oportuna concesión para aprovechamiento de 159,66 l/s de agua procedente del río Cabe, en el lugar de Freixo, parroquia de San Pedro de Ribas Altas, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo) para abastecimiento al núcleo y Puerto Seco de Monforte de Lemos y uso industrial (Polígono Industrial).



Lugo, 20 de enero de 2017.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 0296

---

*Anuncio*

**Expediente: A/27/22350**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 27 de octubre de 2016 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios de A Torre e San Martiño dos Condes, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,1047 l/s de agua procedente de 3 pozos sitos en la parcela catastral 62 del polígono 416, en el lugar de A Devesa, parroquia de San Martiño de Condes, T.M. de Friol (Lugo) para usos domésticos.

Lugo, 20 de enero de 2017.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 0297

---

*Anuncio*

**Expediente: A/27/24890**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 27 de octubre de 2016 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios Pozo Finca Carlos, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,017 l/s de agua procedente de un pozo sito en la parcela catastral 13 del polígono 118, en el lugar de A Travesa, parroquia de Esperante (Santalla), T.M. de Lugo (Lugo) con destino a uso doméstico.

Lugo, 20 de enero de 2017.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 0298

---

*Anuncio*

**Expediente: A/27/25209**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 27 de octubre de 2016 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Agustín Fernández Ramos, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,006 l/s de agua procedente de un pozo sito en la parcela catastral 31 del polígono 117, denominada Carboeirias, en el paraje Monte de Outeiro, lugar de Outeiro, parroquia de Monte (Santa María), T.M. de Castroverde (Lugo) con destino a usos domésticos.

Lugo, 20 de enero de 2017.- EL JEFE DE SERVICIO Manuel Rodríguez López

R. 0299

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/16584**

Araceli Tamara Rodríguez Santín en representación de la Cdad. Usuarios de Quintela, con domicilio en Quintela, 10- 27367 Láncara (Lugo), solicita la **modificación de características** de la concesión de un aprovechamiento de 0,172 l/s de agua procedente de tres manantiales en la parroquia Traslite (San Xoán) en el término municipal de Láncara (Lugo) con destino a usos domésticos y ganaderos, consistente en un nuevo punto de captación, incremento de caudal a 0,79 l/s y **cambio de titularidad**.

La nueva captación se realiza mediante un pozo de aros de hormigón en el que se han colocado dos tuberías, que conducen las aguas a dos depósitos que a su vez las distribuyen a las instalaciones a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que

los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Láncara**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 20 de enero de 2017.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 0300

---

*Anuncio*

**Expediente: A/32/21218**

Asunto: Solicitud de autorización para navegación

Peticionario: Explotursil, S.L.U.

Representante: Manuel Pardo Nájera

CIF: B 32219206

Domicilio: CL/Juan XXIII, 1 Ourense (Ourense)

Corriente: río Sil

Punto de Emplazamiento: embalse de San Esteban

Término municipal y provincia: Sober y Monforte de Lemos (Lugo), Nogueira de Ramuín, Parada do Sil, A Teixeira y Castro Caldelas (Ourense).

Destino: Navegación

Se trata de un catamarán con las siguientes características:

NOMBRE DE LA EMBARCACIÓN: **RIBEIRA SACRA**

TIPO DE LA EMBARCACIÓN: **CATAMARÁN**

FINALIDAD DE LA EMBARCACIÓN: **RECREO**

MATERIAL DEL CASCO: **POLIÉSTER**

ESLORA (m): **13,50**

MANGA (m): **4,90**

POTENCIA DEL MOTOR: **340 C.V.**

CABIDA MÁXIMA PERSONAS: **72**

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **TREINTA DÍAS**, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en los **Ayuntamientos de Sober y Monforte de Lemos (Lugo)** o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta (Edificio M.O.P.T.), donde estará de manifiesto el expediente.

EL JEFE DE SERVICIO, José Alonso Seijas

R. 0301

---